

## Apoio masivo en Vigo a unha sanidade pública

■ CCOO e outras organizacións lograron mobilizar máis de 50.000 persoas por este motivo

Máis de 50.000 persoas manifestáronse o 25 de marzo en Vigo contra o modelo privatizador da sanidade que está a impulsar a Xunta de Galicia. Ademais, a folga no sector que se convocou para esa xornada logrou unha participación do 80%.

CCOO é unha das moitas organizacións que levan anos a amosaren unha actitude de rexeitamento á entrada do capital privado para o financiamento e construción de infraestruturas sanitarias.

O sindicato rexeita este tipo de modelo por ter demostrado xa o seu fracaso noutras latitudes, como por exemplo no Reino Unido. Con todo, hai casos do mesmo moito máis preto, como por exemplo en Madrid ou na Comunidade Valenciana.

Comisións Obreiras lembra que o investimento privado deteriora a



CCOO leva moitos anos a oporse á entrada de capital privado na sanidade

calidade asistencial e empeora os servizos que se queren privatizar, especialmente a hostalaría ou a vandaría, pero non só.

O sindicato denuncia que este modelo supón unha especie de hipoteca para os orzamentos públicos, xa que en moitos casos é necesario pagar un canon de ata

trinta anos, o que eleva sensiblemente o custo final e real dos centros financiados desta maneira. Finalmente, CCOO sinala que o obxectivo último das empresas é a procura de beneficios, o que se logrará, fundamentalmente, mediante recortes que empeorarán a prestación do servizo. / Páx. 4

### AS CAIXAS COMEZAN A NEGOCIAR A FUSIÓN

O 29 de marzo os dirixentes de Caixa nova e Caixa Galicia fixeron público un documento mediante o cal expoñen a vontade de levar aos respectivos Con-

sellos de Administración a proposta de comezar a negociar a fusión de ambas as dúas entidades. O Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia

acolheu moi positivamente o anuncio, e expresou o desexo de que o proceso que agora se inicia culmine coa creación dunha «gran caixa galega» que se insira no tecido produtivo do país e cumpra cunha serie de premisas que CCOO leva tempo a reclamar. / Páx. 2

## ■ CARTA DO SECRETARIO XERAL



XOSÉ MANUEL SÁNCHEZ AGUIÓN

Recentemente, os máximos responsables de Caixa Galicia e Caixanova asinaron un documento comprometéndose a levar aos seus Consellos de Administración a proposta de estudar a fusión de ambas as entidades. Trátase, sen dúbida, dun importante paso, pois constitúe o comezo formal dun proceso do que aínda quedarán por diante varios episodios e diferentes retos, pero que esperamos que culmine coa fusión das dúas caixas, dando como resultado esa gran caixa galega que Galicia precisa.

Desde un principio CCOO tivo unha posición clara sobre este tema, apostando por unha fusión que debería cumprir catro condicións fundamentais: o mantemento do emprego, o mantemento da natureza xurídica, a continuidade do modelo social na xestión e a inclusión financeira.

O mantemento do emprego é o compromiso para minimizar os efectos dunha fusión sobre o volume do emprego da nova entidade, reducindo ao máximo os posibles excedentes que se produzan. Desde CCOO esixiremos que o tratamento a este posible excedente laboral se afronte con plans de prexubilación, fórmula que se veu aplicando con éxito mesmo en anteriores procesos de fusión de caixas galegas, e que permite abordar de

## UN IMPORTANTE PASO PARA O PAÍS

forma menos traumática calquera axuste. Ademais, e de xeito concluínte e inequívoco, CCOO esixirá a homoxeneización das condicións laborais para a totalidade dos cadros de persoal afectados pola fusión.

En canto á natureza, consideramos que a actual definición xurídica das caixas debe manterse en calquera caso porque foi e é fundamental para a súa achega ao desenvolvemento social, amais da inclusión financeira das clases máis desfavorecidas, e porque son as entidades que, aínda tendo xestión privada, contribúen decisivamente ao progreso social.

Rexeitamos calquera privatización directa ou a través dunha vía indirecta, polo que desbotamos a posibilidade de que o FROB estableza dereitos políticos, aínda que os reserve de forma exclusiva á participación do Estado nos proce-

sos de fusión, porque isto abre a vía da extensión destes dereitos ao sector privado se o Estado caese na tentación de vender estas cotas participativas.

Debido a que as caixas son entidades de crédito de carácter social que orientan a súa actividade a fins de interese público cun forte compromiso social coa súa contorna, debe continuar o modelo de xestión social e, polo tanto, integrador, de proximidade, que caracteriza as caixas. Isto foi posible ata o de agora porque non son entidades privadas que teñan como único obxectivo a maximización do beneficio para os seus accionistas.

É imprescindible, así mesmo, preservar a función social do crédito como instrumento fundamental para a reactivación económica, impulsora do cambio de modelo produtivo, reforzando o capital das empresas, e produtora de sinerxías no seu ámbito así como garantir o compromiso das caixas co tecido produtivo e o desenvolvemento territorial.

En liña co anterior, esixiremos o mantemento dos servizos financeiros a todos os estratos sociais que veñen realizando as caixas galegas, opóndonos aos peches masivos de oficinas ou ao seu afastamento dos pequenos núcleos de poboación. A experiencia doutros países, nos que desapareceron institucións similares, é que se produciron fenómenos de exclusión financeira, sobre todo en colectivos de persoas que presentan dificultades para accederen a outro tipo de entidades.



Julían Valiente, secretario xeral de COMFIA, informando os medios a finais de 2009 sobre a posición de CCOO

## «Fraude» na contratación en PSA



Imaxe da factoría de PSA-Citroën en Vigo / Foto: PSA-Citroën

CCOO anunciou a súa intención de denunciar ante a Dirección Xeral de Emprego a situación que está a xerar a contratación a tempo parcial en PSA-Citroën, en Vigo. Un volume de case 3.000 persoas extinguiron a súa relación laboral con esta empresa nos últimos meses, atópanse con que, a pesar de efectuaren de xeito continuo unha xornada practicamente a tempo completo, con horas complementarias, estas non aparecen reflectidas nas súas cotizacións. «Unha situación de fraude», asegura Comisións.

## Reunión en Bilbao do Galeusca sindical



Na última semana de marzo reuniuse en Bilbao o Galeusca sindical, encontro dirixido polos secretarios xerais de CCOO de Galicia, Euskadi e Cataluña, e no que se falou sobre todo do diálogo social

# Denuncian cesión ilegal de traballadores en Marín

■ A lexislación establece posibles multas que oscilan dos 3.005,07 aos 90.151,82 euros

A plataforma sindical formada por Comisións Obreiras (CCOO), CIG, CUT, UGT e USO critica as «actuacións irregulares, ilegais e contra os dereitos dos traballadores e traballadoras» realizadas polo Concello de Marín.

Os sindicatos levan denunciando desde novembro de 2009 que o goberno municipal contratou a unha empresa de Cangas do Morrazo cinco operarios de limpeza por dous meses cun custo de 21.000 euros, «cando a suma dos soldos de cinco operarios do Concello non supera os 13.500». Ademais, «e para vergoña

allea», esta empresa utilizou ferramentas e produtos de limpeza que eran de propiedade municipal.

Os feitos foron denunciados perante a Inspección de Traballo que, con data do 1 de marzo, resolveu dándolles a razón aos sindicatos, pois aprecia unha cesión ilegal de man de obra para realizar actividades competencia do Concello en tanto que servizo público.

Para as organizacións sindicais, o goberno local de Marín obviou as leis que regulan as relacións laborais e a contratación, en particular o artigo 43 do Estatuto dos Traballadores

—que prohíbe a cesión de persoal entre empresas se non é por medio de empresas de traballo temporal legalmente constituídas e autorizadas—, os artigos 8.2 e 40 da Lei de infraccións e sancións da orde social e os artigos 311 e 312 do Código penal. A lexislación vixente establece unha posible multa que oscila entre os 3.005,07 e os 90.151,82 euros tanto para a empresa cedente como para cesionaria.

CCOO, CIG, CUT, UGT e USO consideran que o informe da Inspección de Traballo é tan «demoledor» que o Concello deberá rectificar.

## A sanidade pública beneficianos a todas e todos



**LOLA GONZÁLEZ LORENZO**

SECRETARIA XERAL DA FEDERACIÓN DE SANIDADE

Hai moitos anos que CCOO alerta das carencias en materia de infraestrutura sanitaria na zona de Vigo, de tal forma que se poida equiparar a atención das e dos pacientes desta área co norte de Galicia, onde a Administración sanitaria foi máis xenerosa cos investimentos.

Xa naqueles primeiros debates públicos defendemos a necesidade dunha cidade sanitaria que concentrase os recursos que se atopaban dispersos en diferentes centros sanitarios co seu pro-

pio NIF e que competían entre si. O obxectivo: dotar a poboación dunha carteira de servizos tan necesarios como unidades de queimados, unidade de anorexia e bulimia, cirurxía maxilofacial, etc., que mentres no norte do país era públicos, en Vigo non só se atopaban dispersos, senón que a parte da poboación se lle ofertaban a través do centro privado Povisa.

En xuño de 2006 estableceuse un acordo asinado por CCOO e outras organizacións e institucións no que se fixo constar a necesidade de construír un novo hospital para a área sanitaria de Vigo. Naquel momento, a Xerencia do Complexo Universitario Hospitalario de Vigo impulsou reunións de traballo entre profesionais e diferentes colectivos para elaborar o plan estratéxico do novo hospital. Unha vez concluídas as comisións de traballo, leváronse as conclusións ao daquela goberno bipartito, que compartiu o proxecto común elaborado polo sector.

Porén, a alegría, o entusiasmo e esfor-

zos investidos convertéronse coa chegada do PP á Xunta en frustración, desengano e un regreso á loita por unha política social xusta e non discriminatoria cuxo último episodio foi a multitudinaria manifestación que diferentes organizacións convocamos en Vigo o pasado 25 de marzo e na que participaron máis de 50.000 persoas.

Frustración, desengano e loita porque a nova Xunta de Galicia rexeitou continuar co proxecto consensuado por profesionais da sanidade e négase a que o novo hospital de Vigo sexa de titularidade e xestión públicas. En lugar dun modelo de servizo á cidadanía con beneficios para todas e todos nós, ofrecen outro que pasaría por pechar varios hospitais e reducir camas noutros —'curiosamente', o número de camas reducidas coincide co número de camas de Povisa—. Ademais, o novo hospital será construído, xestionado e controlado por mans privadas.

### Máis gasto

En resumo, o que a Xunta nos ofrece, e contra o que nós nos manifestamos —e seguiremolo a facer se non houber novidades positivas—, é un centro no que primará a busca de beneficios empresariais. Porque, non o esquezamos, calquera empresa privada centrará a súa xestión na maximización de beneficios, e coa sanidade non farán excepción ningunha. E se para maximizar beneficios cumpre recortar gastos, está claro que por onde poden comezar será pola redución de persoal médico, enfermaría, persoal técnico... en detrimento da calidade asistencial. E isto podémolo afirmar co aval das nefastas experiencias doutras comunidades como a valenciana ou a madrileña, onde tamén goberna o PP.



Instantánea da manifestación do pasado 25 de marzo

# Educación négase a dialogar sobre o galego

■ CCOO dá por rotas as negociacións sobre o decreto do plurilingüismo ante a negativa de Educación a introducir cambios, e acusa a Anxo Lorenzo de «perverter» o proceso

Comisións Obreiras (CCOO) dá por rotas as negociacións sobre o decreto do plurilingüismo logo de que na mesa sectorial que tivo lugar o pasado 25 de marzo a Consellaría de Educación negara a posibilidade de introducir cambios no texto.

En concreto, CCOO reclamaba cinco cuestións básicas: a escolarización do alumnado na lingua materna pero sen capacidade de decisión por parte dos pais e nais, decidir con base en criterios pedagóxicos as linguas de impartición de cada materia —e non mediante unha consulta—, que o alumnado se exprese na aula na lingua de impartición de cada materia —e non no idioma da súa preferencia—, que se reformule o reparto de horas en cada lingua en base a porcentaxes rí-

xidas porque «non se corresponde coa situación lingüística de Galicia, onde un dos idiomas parte en clara situación de desvantaxe», e que non se mesture o tratamento das linguas oficiais coa aprendizaxe de idiomas estranxeiros.

Ante estas reivindicacións, a reacción de Educación foi a de «responder punto por punto que non ía modificar nada», denuncia CCOO-EnsinO, que considera que a Xunta converteu a mesa sectorial «nunha farsa».

CCOO-EnsinO sinala que xa constatará a falta de vontade negociadora do departamento autonómico cando Educación lle presentou o documento ao Consello Escolar de Galicia antes de facelo na mesa sectorial, pois a ese órgano só se remiten os textos xa discutidos nos órganos de negociación. Por

este motivo, o que a Consellaría presentou na mesa foi, teoricamente, «un texto pechado».

Por todas estas razóns, CCOO considera que non é posible continuar a negociar o decreto, e insta a Xunta a «regresar ao consenso», en especial ao Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, aprobado por unanimidade no Parlamento en 2004.

## Crítica a Anxo Lorenzo

En canto CCOO fixo pública a súa posición, a Secretaría Xeral de Política Lingüística emitiu unha nota de prensa segundo a cal os sindicatos «prefiren estar en folgas e manifestacións preventivas que no marco dunha negociación». O sindicato aclaroulle a Anxo Lorenzo que «nós non convocamos folgas preventivas», e puxo como exemplo a do ensino do pasado mes de xaneiro, «que non foi convocada por Comisións, pero á que nos sumamos após Educación terse negado reiteradamente a abrir un proceso negociador rápido».

Finalmente, sobre as afirmacións do secretario xeral de Política Lingüística na liña de que houbo un proceso negociador, CCOO-EnsinO lembroulle que o texto do decreto non se negociou, pois ata o de agora o único que houbo foi «un período de consultas selectivas a unhas organizacións sociais, sendo outras excluídas», indicou o sindicato, que acusou a Lorenzo de «perverter a negociación» con este tipo de declaracións.



CCOO forma parte da plataforma Galego, Patrimonio da Humanidade

# Un estudo de CCOO confirma a solvencia do sistema de pensións



Clara Gamarra Lozano, secretaria de Estudos, Cultura e Previsión Social, e Manuel Lago Peñas, economista do Sindicato Nacional de CCOO

O estudo *O sistema público de pensións en Galicia* confirma a solvencia do sistema público de pensións, xa que nos últimos anos medrou tanto o número de pensionistas como a contía das prestacións, algo que non sería posible sen un sistema con garantías.

Por este motivo, CCOO opónse ao atraso da idade de xubilación de 65 a 67 anos que propón o Goberno español. Para o sindicato, trátase dunha me-

didada «extrema e innecesaria», xa que nos Acordos de Pensións se establecen mecanismos non traumáticos para os traballadores e traballadoras, «que tiveron como efecto un atraso efectivo e voluntario da idade de xubilación real» de 62,87 anos a 63,27 en menos de cinco anos, recolle o estudo.

Algunhas das propoostas de CCOO pasan por reforzar os mecanismos voluntarios da xubilación gradual e fle-

xible, tanto para anticipar a idade de xubilación como para atrasala. Para as persoas que desexaren ou precisaren atrasar a idade de xubilación, «poden e deben reforzarse as porcentaxes de mellora na súa pensión», explicou na presentación do documento Clara Gamarra, secretaria de Estudos, Cultura e Previsión Social do sindicato.

Aínda que o Executivo estatal propón manter o tipo medio de xubilación, deixa aberta unha vía a «posibles modificacións parciais». Para CCOO, o sistema «non pode renunciar a manter os ingresos por cotizacións sociais e melloralos no posible cunha actualización das bases de cotización». Ademais, o sindicato defende estender a posibilidade de cotizar a calquera dos traballos realizados en todos os sectores de actividade económica, destacando expresamente as bolsas e o emprego doméstico.

## Comezou o Empregatex, programa para o téxtil

O pasado 21 de marzo arrincou o programa Empregatex, un plan autonómico no que colaboran FITEQA-CCOO e UGT xunto coa patronal Cointega, e cuxo obxectivo fundamental é recolocar no mercado laboral as persoas do téxtil que quedaron sen un posto de traballo nos últimos nove meses. As primeiras actividades foron diferentes charlas divulgativas en Vigo, Lalín, A Coruña e Ourense,

precisamente as áreas xeográficas máis afectadas pola crise do sector.

Destá maneira, comezou a primeira das catro fases para elaborar os itinerarios personalizados de cada unha das persoas desempregadas que participan na iniciativa, o elemento central do programa para asegurar a consecución dun posto de traballo. O seguinte paso do Empregatex será a programación de reu-

nións con asociacións e empresas de diversos sectores co obxectivo de crear unha rede de entidades implicadas na inserción das persoas desempregadas.

Xa nunha terceira fase, realizarase un diagnóstico personalizado a cada persoa para coñecer as súas posibilidades reais de incorporación ao mercado laboral, e finalmente deseñaranse os itinerarios de inserción laboral personalizados.

## Casas Novas podería pagar antes de xuño

Logo da liquidación por parte do empresario da totalidade do persoal de Casas Novas, a través dun ERE concursal, a débeda cos traballadores ascende a máis de 1,3 millóns, dos cales 850.000 euros corresponden a indemnizacións e o resto a salarios pendentes.

Para axilizar a situación, a Federación da Construción, Madeira e Afíns de CCOO mantivo unha reunión co Concello de Pontevedra para clarear cal é a débeda que o consistorio reconece coa empresa, pois esta reclama 1,2 millóns.

O único compromiso ao que o Concello chegou coa representación sindical foi o de acelerar os trámites para o pagamento das certificacións recoñecidas, con independencia da futura discusión sobre as cantidades, de tal forma que se poidan satisfacer as débedas que a empresa mantén cos traballadores o máis axiña posible.

Actualmente, Comisións Obreiras está a negociar con Casas Novas para que esta poida pagar o que debe antes de xuño.

## CCOO pide solucións para Alfageme



CCOO apoia as traballadoras e traballadores do grupo

A pesar das numerosas mobilizacións que tiveron lugar ata o momento, continúa sen haber unha solución satisfactoria para o persoal de Alfageme. Así as cousas, o pasado 25 de marzo, o grupo conserveiro solicitou o concurso voluntario ante o Xulgado do Mercantil de Vigo. Ante esta nova situación, CCOO reclama solucións, lembra que o persoal aínda non cobrou a nómina de febreiro e, previsiblemente, tampouco cobrará a de marzo, polo que continuarán as mobilizacións.






wiki.foremgalicia.eu

FOREM GALICIA

FORMACIÓN PARA O EMPREGO

**FOREM GALICIA** é o portal de internet onde con só un clic atoparás o necesario para mellorares a túa formación e cualificación profesional.

VISITA

**wiki.foremgalicia.eu**

E COÑECE OS CURSOS QUE OFERTAMOS!

## OUTRAS NOTICIAS QUE PODES LER EN WWW.GALICIA.CCOO.ES

■ **Envellecemento saudable en Ferrol.** A agrupación local de Pensionistas e Xubilados organizou o día 24 de marzo unha nova charla do ciclo 'Envellecemento Saudable'. A doutora María Teijeiro falou dos primeiros auxilios e da prevención de riscos das persoas maiores no fogar.

■ **Defensa dos postos de traballo en Sykes.** O pasado 25 de marzo tivo lugar na Coruña unha manifestación en defensa dos postos de traballo en Sykes, empresa do sector da mercadotecnia.

■ **ERE temporal en Antolín Asientos.** Na madrugada do 18 de marzo, o Comité de Empresa e a Dirección do Grupo ANTOLÍN-Vigo chegou a un preacordo para aplicar un ERE temporal rotatorio, polo que se retirou o ERE de extinción –que afectaría a 18 persoas– e garántese o emprego, cando menos, ata xullo de 2013.

# Nestlé reconece a antigüidade do persoal eventual

Recentemente, Nestlé aboou as cantidades que lle debía ao persoal de Pontecesures en concepto de antigüidade polo tempo que estiveron a traballar de maneira eventual. Dáse así cumprimento á sentenza xudicial que chegou após unha demanda da asesoría xurídica de CCOO.



O Sindicato Comarcal de Arousa e a Federación Agroalimentaria de Comisións lembran que esta reivindicación se lle presentara á dirección da empresa a mediados de 2006. Ante a negativa de Nestlé, previa información e xuntanzas co persoal, 17 integrantes do cadro de persoal decidiron optar pola vía xudicial.

CCOO felicítase polo «paso adiante no recoñecemento de dereitos laborais e económicos» que agora se produce.


## O 7 de abril preséntase o último libro de Ricardo Gurriarán

O vindeiro 7 de abril terá lugar a presentación do libro *Inmunda escoria. A universidade franquista e as mobilizacións estudiantís en Compostela, 1939-1968*, o último libro do investigador Ricardo Gurriarán.

O acto comezará ás 19:30 horas no Salón Nobre do Reitorado da Universidade de Santiago de Compostela, no Pazo de Fonseca. Intervirán Vicente Álvarez Areces, presidente do Principado de Asturias, quen na

quela época estudaba na capital galega; Senén Barro, reitor da Universidade compostelá; Víctor Santidrián, director da Área de Historia da Fundación 10 de Marzo; Manuel Bragado, director de Xerais; e o propio autor, Ricardo Gurriarán.

«Inmunda escoria» foi o titular co que un xornal caracterizou os estudantes antifranquistas en 1968, cando as súas protestas fixeron tremar as estruturas da Ditadura.



Este libro é a primeira obra de Ricardo Gurriarán no catálogo de Xerais

**Se queres coñecernos, consulta cal é o local de CCOO máis próximo... ou visita [www.galicia.ccoo.es](http://www.galicia.ccoo.es)**